FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

PROXECTO LIGA GALEGA DE NATACIÓN MÁSTER OPEN

Tempada 2012 - 2013. Circular 12- 24.

1.- ORGANIZACIÓN, DATAS E SEDES.

1.1.- A Liga Galega de Natación Máster Open celebrarase en cinco xornadas segundo figura no calendario de natación máster para a presente tempada.

1.2.- Cada xornada da Liga levarase a cabo nunha sesión que comezará ás 10.00 horas.

1.3.- Unha das sedes poderá celebrarse no norte de Portugal, para fomentar a participación de clubes portugueses.

1.3.1.- Os deportistas de clubes de fora da Comunidade Galega terán que aboar 25 euros por tempada, en concepto de cota de participación nas competicións da FEGAN. Os deportistas deberán ter tramitada a licenza na súa comunidade de procedencia, debendo enviar previamente fotocopia da mesma.

1.3.2.- Unha das sedes poderá ser no norte de Portugal, sempre e cando non fose solicitada esa sede por un clube galego e cumprindo os seguintes requisitos:

- Os criterios organizativos e de desenvolvemento da competición deberán ser os mesmos que os do resto das xornadas da liga galega.
- O Xuíz Árbitro e a secretaría da competición serán designados polo CGA. O resto do xurado poderá pertencer ao Comité Portugués de Árbitros e apliquen o regulamento propio da Liga Galega Open Máster. De non darse estas condicións, a totalidade do xurado será convocado polo CGA.
- A FEGAN será a responsable de xestionar as series en colaboración co clube organizador. Para elo empregaranse as ferramentas e documentos propios da FEGAN.
- O inicio da competición será ás 09:00 h polo horario portugués (10:00 hora española) e os deportistas disporán da instalación desde unha hora antes do inicio da mesma para realizar o quecemento.

2.- PROGRAMA DE PROBAS.

1ª XORNADA	2ª XORNADA	3ª XORNADA	4ª XORNADA	5ª XORNADA
1.- 200 LIBRE F	1.- 200 BRAZA F	1.- 100 COSTAS F	1.- 200 COSTAS F	1.- 400 LIBRE F
2.- 200 LIBRE M	2.- 200 BRAZA M	2.- 100 COSTAS M	2.- 200 COSTAS M	2.- 400 LIBRE M
3.- 50 BRAZA F	3.- 50 LIBRE F	3.- 200 ESTILOS F	3.- 50 BRAZA F	3.- 50 COSTAS F
4.- 50 BRAZA M	4.- 50 LIBRE M	4.- 200 ESTILOS M	4.- 50 BRAZA M	4.- 50 COSTAS M
5.- 100 ESTILOS F	5.- 100 BOLBORETA F	5.- 100 BRAZA F	5.- 100 LIBRE F	5.- 200 BOLBORETA F
6.- 100 ESTILOS M	6.- 100 BOLBORETA M	6.- 100 BRAZA M	6.- 100 LIBRE M	6.- 200 BOLBORETA M
7.- 50 BOLBORETA F	7.- 50 COSTAS F	7.- 50 LIBRE F	7.- 50 BOLBORETA F	7.- 50 LIBRE F
8.- 50 BOLBORETA M	8.- 50 COSTAS M	8.- 50 LIBRE M	8.- 50 BOLBORETA M	8.- 50 LIBRE M
9.- 4X50 LIBRE MIXTO	9.- 4X50 ESTILOS MIXTO	9.- 4X50 ESTILOS F	9.- 4X50 LIBRE MIXTO	9.- 4X50 LIBRE F
		10.- 4X50 ESTILOS M		10.- 4X50 LIBRE M

3.- PARTICIPACIÓN.

3.1.- A presente normativa está destinada ás seguintes categorías masculina e feminina:

20+.- de 20-24 Anos (nacidos anos 1993-1989)	65+.- de 65-69 anos (nacidos anos 1948-1944)
25+.- de 25-29 anos (nacidos anos 1988-1984)	70+.- de 70-74 anos (nacidos anos 1943-1939)
30+.- de 30-34 anos (nacidos anos 1983-1979)	75+.- de 75-79 anos (nacidos anos 1938-1934)
35+.- de 35-39 anos (nacidos anos 1978-1974)	80+.- de 80-84 anos (nacidos anos 1933-1929)
40+.- de 40-44 anos (nacidos anos 1973-1969)	85+.- de 85-89 anos (nacidos anos 1928-1924)
45+.- de 45-49 anos (nacidos anos 1968-1964)	90+.- de 90-94 anos (nacidos anos 1923-1919)
50+.- de 50-54 anos (nacidos anos 1963-1959)	95+.- de 95-99 anos (nacidos anos 1918-1914)
55+.- de 55-59 anos (nacidos anos 1958-1954)	100+.- de 100 anos e máis (nacidos 1913 e anteriores).
60+.- de 60-64 anos (nacidos anos 1953-1949)	

A idade entenderase cumprida a 31 de decembro de 2013.

3.2.- Nas probas de remudas, haberá 8 categorías, establecidas en base á suma das idades dos 4 compoñentes:

CAT. 0 (PREMASTER): Máis de 80 anos (80-99).	CAT. 4: Máis de 200 anos (200-239)
CAT. 1: Máis de 100 anos (100-119).	CAT. 5: Máis de 240 anos (240-279).
CAT. 2: Máis de 120 anos (120-159)	CAT. 6: Máis de 280 anos (280-319).
CAT. 3: Máis de 160 anos (160-199)	CAT. 7: Máis de 320 anos

Os nadadores da categoría PREMASTER, SÓ poderán participar nas remudas da categoría PREMASTER (80-99) anos. Os restantes nadadores poderán intervir en TODAS as categorías, incluída a PREMASTER.

3.3.- A participación está aberta a todos os nadadores (españois e estranxeiros) maiores de 20 anos. Os nadadores galegos deberán estar en posesión da licenza federativa galega de Máster vixente, non ter licenza territorial ou nacional de nadador, nin estar participando en competicións oficiais de natación por algún clube non adscrito á FEGAN.

3.4.- Os nadadores nacionais e estranxeiros deberán estar en posesión da Licenza da súa Federación de procedencia, debendo presentar para a súa inscrición unha fotocopia.

3.5.- Cada nadador poderá participar en dúas probas individuais e a remuda en cada xornada.

4. INSCRICIÓNS.

4.1.- Os clubes realizarán as inscricións empregando a base de datos (modelo) correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á Federación por correo electrónico (inscricions@fegan.org). Xunto co arquivo remitirase, no mesmo correo, a acta de preinscrición que o propio programa xera en formato PDF (preferible) ou DOC.

4.2.- Admitiranse, de forma excepcional, inscricións utilizando as relacións nominais que figuran no ANEXO I, debéndose cubrir todos os datos: categoría á que pertence o nadador, especificando o grupo, a idade e nº de licenza (DNI) do participante, responsabilizándose da veracidade dos datos (nome, apelidos e ano nacemento). Ditas relacións remitiranse preferentemente por correo electrónico.

Enderezo da Federación Galega de Natación:

Avda. Glasgow, 13. 15008 A Coruña

Teléfono 981.17.43.77 Fax: 981.29.09.00

Correo-e: info@fegan.org Web: www.fegan.org

É moi importante que na inscrición figure o nome e medio de contacto co clube que realiza a inscrición.

4.3.- Para as probas de remudas os clubes efectuarán as inscricións, cubrindo as relacións nominais para probas de remudas, e enchendo todos os puntos requiridos: categoría, tempos de inscrición, etc. 15 minutos antes do comezo da competición deberán estar cubertas as fichas de remudas, especificando con claridade os

datos requiridos: nomes dos compoñentes, nº de licenza, orde de participación, idade/ano de nacemento, suma total de anos, categoría, etc.

4.4.- As inscricións deberán acharse en poder da FEGAN antes das 20:00 horas do mércores da semana previa á competición (11 días antes da celebración da xornada correspondente), sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

4.5.- Poderanse dar baixas até media hora antes do comezo da competición non admitíndose altas. Os nadadores non presentados (que non foron dados de baixa no tempo regulamentado) serán penalizados, non podendo nadar na seguinte xornada.

5. Fórmula de competición.

5.1.- Todas as probas disputaranse contra o reloxo.

5.2.- As series confeccionaranse segundo os tempos de inscrición, sen distinción de categoría.

5.3.- Puntuación:

a. A puntuación nas probas individuais será 11, 8, 6, 5, 4, 3, 2, 1.
b. A puntuación nas probas de remudas será 22, 16, 12, 10, 8, 6, 4 e 2.

6.- Clasificacións.

6.1- Faranse as seguintes clasificacións:

a. Total masculina en probas individuais mais as remudas.
b. Total feminina en probas individuais mais as remudas.
c. Total conxunta. Será necesario ter competido en ámbalas categorías, aínda cando non obtivese puntuación nunha delas.

7. Títulos e premios.

7.1.- Entregarase un trofeo ao equipo Campión da Liga. A entrega de trofeos da Liga celebrarase no Campionato Galego Máster de verán.

A Coruña,

Secretaría Xeral FEGAN

FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

ANEXO I.

IMPRESO RELACIÓN NOMINAL DE PARTICIPANTES (Probas individuais e só remudas)

Club:	Nº	Federación	Nº

Para calquera aclaración, a persoa de contacto será:	Teléfono:		Competición:
	Tlf. Móbil:		
	Fax:		a celebrar en:
	Correo-e:		os días do 20____

MASCULINO ____ FEMININO ____	Ano	Proba e Nº		Mellor Tempo	25 50	E M	Data	Lugar	Tope A-B
Nº Licenza									
Nome									
Apelidos									
Categoría									
Nº Licenza									
Nome									
Apelidos									
Categoría									
Nº Licenza									
Nome									
Apelidos									
Categoría									
Nº Licenza									
Nome									
Apelidos									
Categoría									
Nº Licenza									
Nome									
Apelidos									
Categoría									
Nº Licenza									
Nome									
Apelidos									
Categoría									
Nº Licenza									
Nome									
Apelidos									
Categoría									

Non se admitirán relacións con riscadas e/ou con correccións

FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

Impreso relación nominal de participantes – Inscrición en probas de remudas

Club:	Nº	Federación	Nº

Para calquera aclaración, a persoa de contacto será: _____	Teléfono:		Competición: a celebrar en: os días do 20____
	Tlf. Móbil:		
	Fax:		
	Email:		

Marcas conseguidas en probas de remudas

MASCULINO ___ FEMININO ____	Nº Proba ____ 4x50 m. Libre	Nº Proba ____ 4x100 m. Libre	Nº Proba ____ 4x200 m. Libre	Nº Proba ____ 4x50 m. Estilos	Nº Proba ____ 4x100 m. Estilos
Mellor Tempo					
25 ou 50 m.					
Electrónico ou Manual					
Data					
Lugar					
Categoría					

A cubrir só no caso de "suma de tempos"

Nº Licenza	Nadador/a: Nome e Apelidos	Ano	Proba	Mellor Tempo	25 / 50	E / M	Data	Tempo Total
								Lonxitude da piscina de competición e cronometraxe electrónica

Nº Proba: _____ 4x___ m. _____ CAT _____

Nº Proba: _____ 4x___ m. _____ CAT _____

Nº Proba: _____ 4x___ m. _____ CAT _____

Nº Proba: _____ 4x___ m. _____ CAT _____

Nº Proba: _____ 4x___ m. _____ CAT _____

Non se admitirán relacións con riscadas e/ou con correccións